

**DON LEOPOLDO MOURE GARCÍA, SECRETARIO XERAL DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL.**

**CERTIFICO:** Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 27 de outubro de 2022, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“2. PROPOSTA DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE FERROL 2021-2023 MEDIANTE A INCORPORACIÓN Á LIÑA LS 3.4 “AXUDAS Á LABOR NA PRODUCCIÓN OU INTERPRETACIÓN ARTÍSTICA DAS PERSOAS XURÍDICAS COMO POSIBLES DESTINATARIAS” ASÍ COMO O RÉXIME DE OUTORGAMENTO MEDIANTE ADXUDICACIÓN DIRECTA. (EXPEDIENTE CIVIDAS 2022041842). Examinada a proposta que eleva o Concelleiro Delegado de Cultura, que textualmente di:

“A xefatura do servizo, Cultura, Deportes, Educacuíón e Turismo emitió con data 30 de decembro o seguinte informe proposta:

**“ASUNTO:** Modificación do plan estratéxico de subvencións do Concello de Ferrol 2021-2023 mediante a incorporación á liña LS 3.4 “axudas á labor na produción ou interpretación artística das persoas “ das persoas xurídicas como posibles destinatarias así como o réxime de outorgamento mediante adxudicación directa.

#### ANTECEDENTES.

I.- O vixente plan estratéxico recolle axudas ó labor na produción artística (LS 3.4), axudas que teñen como destinatarios as persoas físicas e como instrumento de outorgamento, a celebración de premios.

II.- O mercado cultural evidencia que existen manifestacións artísticas realizadas por persoas xurídicas que inciden ou teñen por obxecto materias con contidos transcendentais ou de gran relevancia para o Concello de Ferrol ou a sociedade á que administra. Actualmente estas expresións culturais quedan fóra da actividade de fomento do Concello de Ferrol.

#### CUESTIÓNS DO PROCEDIMENTO

O Plan estratéxico reconece no seu epígrafe 4 (“competencia para a súa aprobación”) as modificacións puntuais do plan, indicando que o órgano competente para a súa aprobación será a Xunta de Goberno local, correspondendo a súa aprobación ao responsable da Área afectada. Por último, indica que as modificacións serán publicadas no Portal de transparencia da web municipal, Boletín oficial da provincia e no Sistema nacional de publicidade de subvencións e axudas públicas.

Atendendo a ditos antecedentes, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte acordo:

Modificar o Plan estratéxico de subvencións do Concello de Ferrol período 2021-2023 no relativo ao seu anexo e con efectos para a liña estratéxica LS 3.4. axudas a labor na produción ou interpretación artísticas das persoas, reflexando a seguinte relación

**Liña estratéxica 3: Cultura, lecer e actividades festivas.**

“ .....

**LS 3.4. axudas a labor na produción o interpretación artística das persoas.**

Áreas de competencias afectadas	Cultura
Sectores aos que se dirixen as axudas	Persoas físicas ou persoas xurídicas nas súas distintas formas de constitución que desenrolen actividades artísticas, tanto de creación como de interpretación
Obxectivos que se pretenden coa súa aplicación	1.- Organizar actividades de promoción da cultura 2.- Fomentar o desenvolvemento de actividades da natureza artística por parte das persoas físicas ou xurídicas, nos termos antes indicados apoiando e divulgando os seus resultados
Efectos que se pretenden coa súa aplicación	Creación dun hábito de asistencia e consumo de servizos culturais por parte dos cidadáns utilizando para elo o mecanismo que – o mesmo tempo - fomente e apoie o labor de creación e de interpretación artística por parte das persoas físicas
Prazo necesario para a súa consecución	Indeterminado
Custos previsibles para a súa realización e fontes de financiación	Presuposto anual, 60.000€ (05101334148000)
Plan de acción no que se concretarán os mecanismos para poñer	Celebración de concursos mediante concorrencia competitiva de carácter anual con adxudicación de premios asignados mediante un

en práctica as liñas de subvención identificadas no plan	xurado especializado para cada materia.  Así mesmo poderá outorgarse de forma directa nos termos e alcance do art. 22.2 C da Lei 39/2003, as cales seránlles de aplicación ós contidos que preveña o Plan Estratéxico para as subvención correspondentes á presente liña, sen perxuício das súas peculiaridades propias.
Réxime de seguimento e avaliación continua	Número de persoas que concorren as convocatorias para a súa participación mediante creación e interpretación artística, número de persoas que asisten os eventos de carácter público que deriven dos concursos. Número de persoas que concorren nas representacións artísticas obxecto de outorgamento directo ou o seu efecto social da súa difusión.
Resultados da avaliación	Concluído o concurso e antes de que finalice o exercicio  En caso de adjudicación directa unha vez transcorridos 6 meses dende a estrea, publicación, exhibición ou posta en coñecemento xeral da obra.

“

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acordou a aprobación da proposta anteriormente transcrita.”

E para que conste e ós efectos correspondentes, expídese a presente, de orde e co Visto e Prace do Ilmo. Sr. Alcalde, coa reserva á que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, no Pazo Municipal de Ferrol, na data que figura na sinatura electrónica.

Ferrol, 27 de outubro de 2022

Vº e Pr

ALCALDE

Ángel Manuel Mato Escalona

O secretario xeral

Leopoldo Moure García